



CONCELLO
DE
R I V E I R A
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego



6.- Visto o escrito remitido polo Sr. Presidente da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, dependente da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, da data 23/01/2006, en relación co emprazamento para a construción dunha depuradora de augas residuais urbanas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda propoñer como lugar de emprazamento da mencionada depuradora o Monte de Couso, na Parroquia de Aguiño, que é de titularidade municipal (Inscripción no Rexistro da Propiedade de Noia, Tomo 460, Libro 81, Folio 87, Finca 9.030), concretamente na zona comprendida entre a praia de Pinisqueira e o miradoiro existente, comprometéndose o Concello a poñer a disposición da Administración Hidráulica de Galicia os terreos precisos (que están exentos de cargas e gravames), así como á tramitación dos permisos necesarios para a execución das obras, unha vez que sexa remitida a esta Administración Municipal unha copia do proxecto correspondente.